



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE. SERVIZO DE APOIO AO EMPREGO, EMPRENDEMENTO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Código número 27000445011982

Visto o texto do acordo polo que se aproba o calendario laboral para o ano 2024 do Convenio Colectivo Provincial da Primeira Transformación da Madeira de Lugo polo que se corrixe e completa o publicado no BOP do 20 de xaneiro de 2024, asinado pola representación patronal (Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo) e das centrais sindicais CC.OO. (50%), U.G.T. (43,75%) e C.I.G. (6,25%) como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 7 de febreiro de 2024.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

COMISIÓN NEGOCIADORA DEL CONVENIO COLECTIVO DE LA PRIMERA TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LA PROVINCIA DE LUGO

ACTA FINAL DE ACUERDO

En Lugo, a 15 de Diciembre de 2.023.

Asistentes

POR LA REPRESENTACIÓN SINDICAL

- JOSE MANUEL BREA MENDEZ (CCOO).
- CARLOS GARCIA VAZQUEZ (UGT).
- ALFONSO LOSADA RODRIGUEZ (CIG).
- POR LA REPRESENTACIÓN PATRONAL
- ANGELES VILA CAJETE
- LAURA LOZANO HERMIDA
- NURIA RODRÍGUEZ ARIAS

ASESORES DE LA REPRESENTACIÓN SINDICAL

(Centrales sindicais: CCOO, UGT y CIG)

ASESORES DE LA REPRESENTACIÓN PATRONAL

D. Adrián Núñez Fernández, (LUCUS LEX ABOGADOS, S.L.P.)

Tel.: 982242309/fax: 982231567

Email: adriannunez@lucuslexabogados.com

REPRESENTACIÓN SINDICAL**• POR CCOO con el 50%**

* D. Diego Ferreiro Morado. (DNI nº33544975G)

* D. Jose Manuel Brea Méndez (DNI 33851807Q)

• POR UGT con el 43,75%

* D. Carlos García Vázquez (DNI nº11922182V)

* D. Diego José Chao Rubal (DNI nº 33998011-D)

• POR CIG con el 6,25%

* D. Alfonso Losada Rodríguez (DNI nº76578117-P)

REPRESENTACION PATRONAL (Asociación de Empresarios de la Primera Transformación de la Madera de Lugo)

* Dña. Angeles Vila Cajete (DNI nº33998804-C)

* Dña. Laura Lozano Hermida (DNI nº33552667-Z)

* Dña. Nuria Rodríguez Arias (DNI nº34267513-C)

ASESORES

* D. Adrián Núñez Fernández (DNI nº 33344942-W)

En la ciudad de Lugo, a 15 de Diciembre de 2.023, se reúnen los representantes de las Centrales Sindicales y de la Asociación de Empresarios de la Primera Transformación de la Madera de Lugo que al inicio de la presente Acta se identifican y relacionan, con el objeto de proceder a la negociación del calendario laboral para el año 2024 del Convenio Colectivo Provincial de la Primera Transformación de la madera de la Provincia de Lugo, (BOPLU de 7 de Marzo de 2.022-Código 27000445011982); reconociéndose con legitimación y capacidad suficiente para negociar, con la representatividad que poseen,

EXPONEN

Abierta la sesión y después de una amplia deliberación por las partes negociadoras, se adoptan los siguientes,

ACUERDOS

PRIMERO.- Constituir la comisión deliberadora para la negociación del calendario laboral del año 2.024.

SEGUNDO.- Se comienza por la negociación del calendario laboral y se presenta por la representación patronal una propuesta de calendario y por la representación sindical otra propuesta de calendario; después de una amplia deliberación se procede a la aprobación del calendario laboral para el año 2.024, que se aprueba por unanimidad, manteniéndose inalterada la actual redacción del Art. 9 del Convenio Colectivo Provincial de la Primera Transformación de la madera de la Provincia de Lugo e incorporándose los días inhábiles o no laborables retribuidos al 100% del salario real para el año 2.024:

A. 12 Febrero.

B. 25, 26, 27 de Marzo.

C. 26 de Julio.

D. 16 de Agosto.

E. 23, 24 de Diciembre.

F. 30, 31 de Diciembre.

En el caso de los Concellos de Lugo, (5 octubre), Foz (10 de agosto), Villaba (31 de agosto), cuyos festivos locales son sábado, por lo tanto en estas localidades tendrían un día más de FC, para que se adapte la jornada a 1752 horas, y que se señalaría por la empresa con acuerdo de los trabajadores.

Cuando un FL coincida con un FC, este se pasará al día anterior o posterior laboral.

TERCERO.- Remitir a través del REGCON la presente Acta y la documentación adjunta a la Consellería de Empleo e Igualdade para que sea supervisado y se proceda a su remisión para publicación al BOP de Lugo.

CUARTO.- Habilitar y autorizar expresamente a D. ADRIÁN NÚÑEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 33344942-W, para que realice las gestiones necesarias a los efectos proceder a la tramitación, depósito y publicación de los acuerdos adoptados en el BOP a través del REGCON, así como realice las subsanaciones que resulten procedentes.

Y en prueba de conformidade se firma a presente acta por los integrantes de la Comisión Mixta Deliberadora, en el lugar y fecha expresados en el encabezamiento.

Angeles Vila Cajete, Laura Lozano Hermida, Nuria Rodríguez Arias, José Manuel Brea Méndez, Diego Ferreiro Morado, Alfonso Losada Rodríguez, Carlos García Vázquez, Diego José Chao Rubal.

R. 0388

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. SECCIÓN DE FOMENTO

Anuncio

CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL DETECTADO NO ARTIGO 31.1 DO TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2024, acordou prestar aprobación á corrección do erro material detectado no artigo 31.1 do texto da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións, no seguinte senso:

Onde consta:

“(…)

- Menor ou igual a 10, **100%**

- Entre 11 e 30, o **50 %**

- Superior a 30, o **20 %**

(…)”

Debe constar:

“(…)

- Menor ou igual a 10, o **10%**

- Entre 11 e 30, o **5 %**

- Superior a 30, o **2 %**

(…)”

Lugo, 7 de febreiro de 2024.- “O PRESIDENTE,P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón”

R. 0389

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE MONITOR/A TÉCNICO/A DEPORTIVO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por Decreto da Alcaldía nº 2024-0087 de data 06/02/2024 apróbase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, composición do Tribunal e datas de celebración do proceso selectivo convocado para a provisión dunha (1) praza de Monitor Técnico/a deportivo/a, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de Burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal :

“Visto que en data 21/12/2023 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2023-1262 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de “**MONITOR/A TÉCNICO/A DEPORTIVO/A**”, grupo C1, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de Burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego

temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 296 de 28/12/2023, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Iván Cao Valle	***3818**	EXENTA

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE.-

Titular: D. Jairo Campo Vázquez. Mestre de Educación Física do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Burela.

Suplente: D. José Manuel Díaz Cabado. Mestre de Educación Física do CEIP Plurilingüe Vista Alegre de Burela

VOGAIS.-

Titular: D. Rodrigo Pinto Casas. Mestre de Educación Física do IES Monte Castelo de Burela.

Suplente: D. Mauro Castelo Cuesta. Mestre de Educación Física do CEIP Plurilingüe Vista Alegre de Burela.

Titular: D. Angel Rubiños Ben. Director da Casa da Cultura do Concello de Burela.

Suplente: Dª. Concepción Pernas Díaz. Psicóloga do Programa de Atención ao Inmigrante do Concello de Burela.

Titular: D. Jaime Méndez García. Directo da Casa da Xuventude do Concello de Burela.

Suplente: Dª. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

SECRETARIO/A.-

Titular: Dª. María Elisa Mogo Miranda. Técnico de Administración Xeral do Concello de Burela.

Suplente: D. José Luis López Fernández. Arquitecto Técnico-encargado de obras do Concello de Burela.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o venres día 23 de febreiro de 2024, ás 10:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Burela, 7 de febreiro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino”

R. 0390

LUGO

Anuncio

A EXCMA. SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO LEMBRA AS NORMAS RECOLLIDAS NA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN:

Dentro da Sección 3ª Carga e Descarga; artigo 65 sobre Carga e descarga en vías de circulación restrinxida; apartado f) polo que os vehículos que efectúen labores de carga e descarga non poden superar os 5.500kg de Masa Máxima Autorizada (MMA).

Así se publica para que sea de público coñecemento de toda a cidadanía. Lugo, 1 de febreiro de 2024 A ALCALDESA, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 0395

MONDOÑEDO

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 7 de febreiro de 2024 ditou a resolución núm. 2024-0017 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “ENCARGADO/A OFICINA DE APOIO ADMINISTRATIVO”, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022(D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119 do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva na lexislación vixente.

Posteriormente o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en **unha praza** de persoal **funcionario** no Concello de Mondoñedo denominada **Auxiliar Administrativo (posto: Encargado/a Oficina de Apoio Administrativo)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298 de 30 decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299 de 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20 de 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37 de 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0080 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo.

Posteriormente esta Alcaldía, ditou o día 6 de novembro de 2023 a Resolución núm. 2023-0447 a través da que se aprobaba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 22 de novembro de 2023, na que se reflicte que a candidata MARÍA ISABEL PIÑEIRO REQUEIJO con DNI ***7696** foi a candidata con maior puntuación, estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 23 de novembro ata o 27 de novembro (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Posteriormente, e tras ver o documento de 15 de xaneiro de 2024 que contiña as cualificacións definitivas, a proposta de nomeamento, a listaxe de emprego temporal e prazo de presentación de documentación, estivo aberto un prazo de 5 días naturais, desde o 16 ata o 20 de xaneiro de 2024, para que a candidata proposta presentara a documentación requirida nas bases de convocatoria. Documentación que foi presentada a través da sede electrónica o día 16 de xaneiro de 2024 co número de rexistro 2024-E-RC-97.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como funcionaria de carreira, a tempo completo, para ocupar **unha (1) praza** de persoal **funcionario** no Concello de Mondoñedo de **Auxiliar Administrativo, posto denominado Encargado/a Oficina de Apoio Administrativo**, grupo C, subgrupo C2 a **D.ª María Isabel Piñeiro Requeijo** con DNI núm. *****7696****.

Segundo.- Notificar a presente á interesada, publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, 7 de febreiro de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria - interventora, Ruth López-Mosquera García.

R. 0391

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 31 de xaneiro de 2024, adoptouse o acordo:

“3.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO RECOÑECIMENTO DAS DEDICACIÓNS PARCIAIS AOS CONCELEIROS DELEGADOS.

O Alcalde propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Modificar o acordo adoptado no Pleno celebrado o día 27 de setembro de 2023, sobre o recoñecemento das didicacións parciais aos concelleiros delegados, en canto a súa retribución anual bruta, porcentaxe de dedicación parcial e xornada de dedicación efectiva mínima.

SEGUNDO.- Determinar que os cargos de concelleiros delegados de Obras, Medio Ambiente e Medio Rural; de Xuventude, Festas e Servizos Sociais realicen as súas funcións en réxime de dedicación parcial, dadas as múltiples actuacións nas materias propias das delegación antes mencionadas, en xeral así como un abanico de proxectos que esta Corporación ten previsto desenrolar.

TERCEIRO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en doce pagas, correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

- O cargo de Delegado de Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, percibirá unha retribución anual bruta de 19.000 €, con unha dedicación do 41,91% da xornada o que lle esixirá a dedicación efectiva mínima de 100,25h/mes.

- O cargo de Delegada de Xuventude, Festas e Servizos Sociais, percibirá unha retribución anual bruta de 15.000 €, con unha dedicación do 33,09% da xornada o que lle esixirá a dedicación efectiva mínima de 79,15h/mes.

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesión dos órganos colexiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnización, polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos colexiados, que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

CUARTO.- Publicar de forma íntegra en o *Boletín Oficial da Provincia* o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>].

QUINTO.- Notificar o devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos.

Sometida a proposta a votación, a mesma, foi aprobada, por cinco votos a favor dos concelleiros do grupo municipal socialista e dous votos en contra do grupo municipal popular.”

Navia de Suarna, 8 de febreiro de 2024.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0397

AS NOGAIS*Anuncio***APROBACIÓN PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE**

O pleno do Concello de As Nogais, en sesión extraordinaria celebrada en data 23 de xaneiro de 2024, acordou aprobar o Plan de medidas antifraude do Concello de As Nogais. Aos efectos do seu xeral coñecemento, procédese á publicación do Plan no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no cumprimento no disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O texto íntegro do referido Plan antifraude pode ser obxecto de consulta dos cidadáns a través do seguinte enderezo web: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>

As Nogais, 8 de febreiro de 2024.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0398

Anuncio

Para o seu coñecemento e efectos consecuentes, fágolle saber que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada en data do 26 de xaneiro do 2024, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento da canle de denuncias do Concello de As Nogais, nos termos nos que figura no expediente, con código seguro de verificación A5M5M9ESPSMSHJTDM7EPD2FDG.

SEGUNDO.- Someter dito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de As Nogais, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

As Nogais, 8 de febreiro de 2024.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz

R. 0399

O PÁRAMO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 1/02/2024**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **XANEIRO** de 2024, polo importe total de **3.866,88€**

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 1 de febreiro de 2024.- O Alcalde- Presidente, D. Jose Luis López López.

R. 0400

RIBADEO*Anuncio*

Secretaría Xeral. 02 / Expediente nº 1739/2023

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Visto expediente tramitado para provisión de dous postos de Operario de Limpeza da RPT municipal e solicitudes formuladas durante o prazo establecido ao efecto.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire avixente Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

RESOLVE:

1º.Prestar aprobación á **listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos** que de seguido se relacionan:

ADMITIDOS

APELIDOS E NOME

OBSERVACIÓNS

Moura Machado, Sergio Luiz	Non aporta CELGA (procede exame)
García López, Manuel	Non aporta CELGA (procede exame)
Fernández Carnota, M ^a Carmen	Non aporta CELGA (procede exame) I.P.T.
García Fernández, Carlos	Aporta CELGA
Yanes Redondas, Bricio	Non aporta CELGA (procede exame)
Altagracia Arguindell, Kenia	Non aporta CELGA (procede exame)
Rego López, Pedro	Non aporta CELGA (procede exame)

EXCLUIDOS

APELIDOS E NOME

OBSERVACIONES

Ilias el Alami Chakkafe	Non aporta permiso conducir esixido nas Bases da convocatoria
Andrade Loureiro, Rosa María	Non aporta permiso conducir esixido nas Bases da convocatoria

2º. Remitir anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao taboleiro de anuncios do Concello e á sede electrónica da web municipal: www.ribadeo.gal, para que durante o prazo de dez días se formulen as alegacións ou correccións de erros que no seu caso procedan.

Acordouno, mándao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica do que eu Secretario dou fe.

Ribadeo, 9 de febreiro de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ. O SECRETARIO, JOSÉ A. CARRO ASOREY.

R. 0420

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de datas 5 e 6 de febreiro de 2024 respectivamente, os padróns do SAF do mes de xaneiro de 2024 e o 4º Trimestre de 2023 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co

establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 6 de febreiro de 2024.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 0392

RIOTORTO

Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local o padrón do canon da auga de vivendas sen contador da zona rural durante o ano 2023, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobado.

Contra o acordo de aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do termo do período de exposición pública do padrón e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa, ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario entre o 15 de Febreiro e 15 de Abril de 2024.

A falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública do padrón e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 7 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0393

XOVE

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 18 de decembro de 2023, sobre modificación da ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE XOVE, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes e no Título II do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 1º. Natureza e feito imponible.

1.- O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto que ten por feito imponible a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtívese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Xove.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire a liña anterior poderán consistir en:

- A) Obras de construción de edificacións e instalacións, de todas clases, de nova planta.
- B) Obras de demolición.
- C) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior coma o seu aspecto exterior.
- D) Aliñacións e rasantes.
- E) Obras de fontaneiría e rede de sumidoiros. F) Obras de cemiterios.
- G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licencia de obra ou urbanística.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construcións, instalación e obra quen soporte os gastos ou o coste que comporta a súa realización.

2.- No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte que solicite as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita.

Artigo 3º. Exencións

1.- Está exenta deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexan donos o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ao mesmo, sexan destinadas directamente a carreteras, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo coma de conservación.

2.- Asímesmo, e de acordo co establecido na Orde Ministerial de 5 de xuño de 2001, disfrutarán de exención total no ICIO a Santa Sede, a conferencia episcopal, as diócesis, as parroquias e outras circunscricións territoriais, as ordes e congregacións relixiosas e os institutos de vida consagrada e as súas provincias e casas.

Artigo 4.- Base tributaria

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo coste real e efectivo da construción, instalación ou obra e se entende por tal, a estes efectos, o coste de execución material de aquela.

2.- Non forman parte da base imponible o Imposto Sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, os prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o coste de execución material.

3. Para o cálculo da base imponible a determinar no caso de construcións, instalacións ou obras, suxeitas tanto a licenza como a comunicación previa, para as cales non sexa obrigatoria ou precisa a redacción dun proxecto ou memoria, redactados e subscritos por técnico competente, e de acordo co previsto na normativa urbanística en vigor na comunidade autónoma de Galicia, determinarase tomando como referencia o Anexo I desta ordenanza.

Ditos prezos terán a consideración de mínimos, o que non impide, de ser o caso, que o promotor xustifique a inclusión de prezos superiores por razóns de calidades, técnicas de colocación ou instalación, etc.

4. A valoración de prezos non incluídos no Anexo I deberán ser xustificadas mediante a valoración de técnico competente.

Os novos prezos que poidan surxir deberán incorporarse ao Anexo I cando proceda a actualizarse os prezos.

Artigo 5.- Cuota tributaria.

1.- A cuota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

2.- O Tipo de gravame será o 3% en tódolos casos.

Artigo 6.- Bonificacións

1.- Gozarán dunha bonificación do 90% na cuota do imposto, as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir as seguintes circunstancias:

-Obras en que a instalación ou construción obedeza ó inicio no exercicio de actividades calificadas como ILE (Iniciativa Local de Emprego).

De igual xeito poderase conceder unha bonificación do 90% da cuota do imposto para o caso de construcións, instalacións ou obras que correspondan á ampliación das citadas actividades efectuadas durante os tres anos seguintes á data de obtención da licenza definitiva de actividade.

A declaración de obra de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e acordarase previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación será de aplicación, de ser procedente, tanto á liquidación provisional como definitiva do imposto.

Non procederá a aplicación de ningunha bonificación se o suxeito pasivo iniciara as obras, instalacións ou construcións con anterioridade á obtención da correspondente licenza municipal, se se incoara con motivo de ditas obras expediente de infracción urbanística ou se ditas obras se realizaran con motivo de un expediente de inspección ou infracción urbanística.

As solicitudes deberán presentarse no prazo de 1 ano desde a data de concesión da licenza definitiva de actividade e deberase adxuntar a seguinte documentación:

-Solicitude formulada segundo o modelo facilitado polo Concello.

-Copia compulsada do DNI ou CIF

-Copia da escritura de constitución e dos estatutos da empresa, se é o caso

-Certificación ou documentación acreditativa de alta no IAE con expresión do epígrafe. Caso de estar exento de pago de tal imposto presentarase certificación acreditativa de tal extremo.

-Memoria explicativa do proxecto empresarial segundo modelo facilitado polo Concello

A presentación da solicitude de bonificación comportará a autorización ao Concello para solicitar as certificacións acreditativas da non existencia de débedas coa Administración Tributaria, Consellería de Economía, Tesourería Xeral da Seguridade Social e co propio Concello de Xove.

2.- Gozarán dunha bonificación potestativa durante os tres primeiros exercicios orzamentarios de ata o 95 % na cuota do ICIO para as construcións, instalacións e obras a executar no Parque Empresarial de Camba - Xove (tanto nas actuais parcelas como nas futuras unha vez efectuada a ampliación do Parque Empresarial co correspondente desenvolvemento urbanístico reflectido no Plan Xeral de Ordenación Municipal) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros supostos que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando dita ampliación implique creación de emprego.

Establecense os seguintes tramos:

a) Un 95% da cuota do ICIO pola creación de máis de 20 postos de traballo.

b) Un 75 % da cuota do ICIO pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

c) Un 50% da cuota do ICIO pola creación de ata 10 postos de traballo

Artigo 7.- Devengo.

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

Artigo 8.- Xestión

Cando se conceda licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou cando, non téndose solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impositiva en función do orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo fose visado polo colexio oficial correspondente cando esto constitúa un requisito preceptivo; noutro caso a base impositiva será determinada polos técnicos municipais, de acordo co coste estimado do proxecto ou en base aos módulos ou índices establecidos polo colexio oficial correspondente.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu coste real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa modificará no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrando, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Artigo 9.- Infraccións e sancións tributarias.

No relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Artigo 10.- Lexislación supletoria.

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 5ª da Sección 3ª do Capítulo II, do Título II do referido RDL 2/2004, de 5 de marzo, nas demais Leis do Estado Reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor e comenza a aplicarse o mesmo día da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I CRITERIOS DE VALORACIÓN

Un traballo considérase incluído no punto A ou no punto B de acordo cos seguintes criterios:

1. Se se trata de obras de reforma nas cales exista un gran número de unidades de obra aplicarase o método A (módulos), de acordo cos usos (vivenda, oficinas, locais comerciais ou de hostalería) sobre o que se pretende obras.
2. Se se trata de obras de escasa entidade nas cales se pode desagregar as unidades de obra a executar aplicarase o método B.
3. Preferentemente aplicarase o método B

A. SOBRE A SUPERFICIE IMPUTABLE (MÓDULOS).

Uso residencial	Instalacións e outros en vivenda	424,16 €/m ²
	Almacéns e trasteiros en vivenda	421,02 €/m ²
	Garaxes	428,07 €/m ²
	Urbanización interior da parcela	111,90 €/m ²
Uso administrativo		551,71 €/m ²
Uso comercial		896,05 €/m ²
Uso pública concorrencia		896,83 €/m ²
Uso industrial		725,45 €/m ²

Os módulos aplicarase a totalidade da superficie obxecto de reforma, por exemplo:

Reforma de baño en vivenda unifamiliar (cambio de pavimentos, alicatados, teitos, instalacións e apartamenta), onde o baño ocupa 6 m² sobre a totalidade da superficie da vivenda:

$$6 \text{ m}^2 \times 424,16 \text{ €/m}^2 = 2.544,96 \text{ €}$$

B. SOBRE UNIDADE DE OBRA (PREZOS UNITARIOS)

1. ACTUACIÓN SOBRE AS PARCELAS		
Eliminación de vexetación	Tala de árbore	99,04 €/ud
	Destoconado de árbores	0,07 €/m ²

	Desbroce manual de arbustos e herbas con desbrozadora	1,40 €/m ²
	Desbroce mecánico de matogueira	0,21 €/m ²
	Limpeza de arbustos e herbas de paredes e pavimentos	2,04 €/m ²
	Recollida e eliminación de residuos de roza	0,08 €/m ²
2. DEMOLICIÓN		
Apertura de ocos	En fachada	12,73 €/m ²
	En partición interior	5,22 €/m ²
Barandilla ou balaustrada.		12,73 €/m
Tabique interior	De ladrillo	4,74 €/m ²
	De placas de xeso	6,46 €/m ²
Carpintería	En fachada	4,88 €/m ²
	En cuberta	5,41 €/m ²
	En partición interior	4,25 €/m ²
Calefacción	Radiador	29,33 €/ud
	Caldeira, termo, quentador ou acumulador	110,58 €/ud
	De cheminea	7,76 €/m
	Instalación de calefacción en vivenda	1,91 €/m ²
Electricidade	Instalación interior de electricidade en vivenda	1,59 €/m ²
Fontanería	Instalación interior de fontanería en vivenda	2,67 €/m ²
Gas	Instalación interior de gas en vivenda	0,58 €/m ²
Saneamento	Colector enterrado	7,46 €/m
	Arqueta, sumidoiro, imbornal	25,58 €/ud
	Baixante	3,24 €/m
	Canlón	4,27 €/m
	Rede de sumidoiros interior en cuarto húmido	141,45 €/ud
Cubertas	Plana non transitable autoprotexida con lámina	16,73 €/m ²
	Plana transitable	27,21 €/m ²

	Inclinada, de lousa	33,01 €/m ²
	Inclinada, metálica	7,40 €/m ²
Revestimentos	Pavimento cerámico, de pedra ou terrazo	11,93 €/m ²
	Pavimento de madeira	5,38 €/m ²
	Falso teito de xeso ou escaiola	6,86 €/m ²
	Revestimento continuo exterior	11,81 €/m ²
	Revestimento continuo interior	10,73 €/m ²
	Alicatados	9,02 €/m ²
Equipamento	Lavabo, inodoro, bidé, urinario ou vertedoiro	21,04 €/ud
	Bañeira ou prato de ducha	42,42 €/ud
Urbanización	Muro de fábrica	12,40 €/m ²
	Valado metálico	5,46 €/m

3. ACONDICIONAMENTO DO TERREO

Movementos de terra	Escavación de gavia para instalacións	19,41 €/m ³
	Recheos de gaviás e trasdós, bases de pavimento...	8,87 €/m ³
Rede de sumidoiros	Arqueta, sumidoiro.	76,61 €/ud
	Acometida de saneamento	121,18 €/ud
	Colector enterrado	49,48 €/m
	Canaleta	38,16 €/m
Nivelación	Soleira de formigón	17,53 €/m ²

4. FACHADAS E PARTICIÓN

Fachadas	Reparación de greta	18,47 €/m
	Reparación de gretas e fisuras	29,53 €/m ²
	Rehabilitación enerxética mediante colocación de SATE	116,13 €/m ²
	Barandillas ou balaustrada	63,57 €/m
	Ventá	305,95 €/ud
	Porta balcaneira	385,75 €/ud

	Porta exterior	470,46 €/ud
	Porta de garaxe	1183,09 €/ud
Particións interiores	Tabique de ladrillo	15,21 €/m ²
	Porta de paso	247,16 €/ud
	Mamparas	200,87 €/m ²
	Porta cortalumes	331,87 €/ud

5. INSTALACIÓNS

Calefacción	Radiador	130,37 €/ud
	Caldeira, termo, quentador ou acumulador	110,58 €/ud
	Cheminea	244,64 €/m
	Instalación de calefacción en vivenda	4,52 €/m ²
Electricidade	Instalación interior de electricidade en vivenda	5,78 €/m ²
Fontanería	Instalación interior de fontanería en vivenda	7,55 €/m ²
Gas	Instalación interior de gas en vivenda	3,99 €/m ²
Saneamento	Baixante	27,68 €/m
	Canlón	32,97 €/m
	Rede de sumidoiros interior en vivenda	1,91 €/m ²

6. CUBERTAS

Cubertas	Plana non transitable autoprotexida con lámina	60,21 €/m ²
	Plana transitable con pavimento de gres	96,52 €/m ²
	Inclinada, de lousa	57,38 €/m ²
	Inclinada, metálica	36,24 €/m ²
	Ventá de cuberta	825,87 €/ud

7. REVESTIMENTOS

Pavimentos	Cerámico ou terrazo	35,81 €/m ²
	De pedra	74,56 €/m ²

	De madeira	81,20 €/m ²
Falso teito de xeso ou escaiola		13,49 €/m ²
Enfoscados e enlucidos	Revestimento continuo exterior	16,35 €/m ²
	Revestimento continuo interior	11,24 €/m ²
Alicatados		32,10 €/m ²
Pinturas	Exterior	9,99 €/m ²
	Interior	6,29 €/m ²

8. EQUIPAMENTO

Lavabo, inodoro, bidé, urinario ou vertedoiro	263,29 €/ud
Bañeira ou plato de ducha	272,21 €/ud

9. URBANIZACIÓN

Valados	Muro de fábrica	41,28 €/m
	Valado metálico (tipo malla Hércules)	82,34 €/m
	Valado de estacas de madeira tratada con malla ou arame	13,58 €/m
	Porta acceso peonil	899,04 €/ud
	Porta acceso vehículos	2391,69 €/ud
Pavimentos	Formigón	27,67 €/m ²
	De pedra natural	93,40 €/m ²
	Pavimento asfáltico 5 cm de espesor sobre base de formigón de 15 cm	21,81 €/m ²
	Pavimento de formigón de 15 cm de espesor, ou pavimento de adoquín prefabricado	26,70 €/m ²
	Pavimento de baldosa de formigón, colocada con morteiro sobre soleira de formigón de 15 cm de espesor	50,05 €/m ²
	Reposición de pavimento pétreo, colocado con morteiro sobre soleira de formigón de 15 cm de espesor	102,17 €/m ²

Os descompostos aplicaranse a totalidade da superficie obxecto de reforma, por exemplo:

Reforma de baño en vivenda unifamiliar (cambio de pavimentos, alicatados, teitos, instalacións e lavabo, inodoro e ducha), onde o baño ocupa 6 m² (2,0 m x 3,0 m) sobre a totalidade da superficie da vivenda, cunha altura de 2,50 m:

DEMOLICIÓN: 580,21 €

Pavimento: 6 m² x 11,93 €/m² = 71,58 €

Teito: 6 m² x 6,86 €/m² = 41,16 €

Alicatados: (10 m x 2,5 m x 9,02 €/m² = 225,50 €

Fontanería: $6 \text{ m}^2 \times 2,67 \text{ €/m}^2 = 71,58 \text{ €}$

Saneamento: $1 \text{ ud} \times 141,45 \text{ €/ud} = 71,58 \text{ €}$

Equipamento: $21,04 \text{ €/ud} + 21,04 \text{ €/ud} + 42,42 \text{ €/ud} = 84,50 \text{ €}$

OBRA NOVA: 1991,59 €

Pavimento: $6 \text{ m}^2 \times 35,81 \text{ €/m}^2 = 214,86 \text{ €}$

Teito: $6 \text{ m}^2 \times 13,49 \text{ €/m}^2 = 80,94 \text{ €}$

Alicatados: $(10 \text{ m} \times 2,5 \text{ m} \times 32,10 \text{ €/m}^2 = 802,50 \text{ €}$

Pintura: $6 \text{ m}^2 \times 6,29 \text{ €/m}^2 = 37,70 \text{ €}$

Fontanería: $6 \text{ m}^2 \times 7,55 \text{ €/m}^2 = 45,30 \text{ €}$

Saneamento: $6 \text{ m}^2 \times 1,91 \text{ €/m}^2 = 11,46 \text{ €}$

Equipamento: $263,29 \text{ €/ud} + 263,29 \text{ €/ud} + 272,21 \text{ €/ud} = 798,79 \text{ €}$

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Xove, 7 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0401

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **12/02/2024**, acordou nomear, por u periodo de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

LÁNCARA: substituto: DON CARLOS FERREIRO PUMARIÑO. DNI 34*066G.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2024.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0402

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **12/02/2024** acordou nomear, por u periodo de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente dado que, ou ben no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou ben os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo, e tendo en conta, así mesmo, que os respectivos concellos non elixiron no seu día ningunha persoa para os ditos cargos.

RIBAS DE SIL: susbtituto: DON INDALECIO LÓPEZ DÍAZ. DNI 33*997D.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2024.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0403

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **12/01/2024**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

TRABADA: titular: DOÑA MERCEDES REY IGLESIAS. DNI 77*483Z.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2024.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0404